ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA AO LICITADOR CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR NO SERVIZO DE VIXIANCIA, SOCORRISMO E PRIMEIROS AUXILIOS NA PRAIA FLUVIAL DE TAPIA E NAS PISCINAS DESCUBERTAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

Na Casa Consistorial de Ames sendo as 14:00 horas do día 17 de abril de 2018, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do expediente anteriormente referenciado.

ASISTENTES:

Presidente:
José M. Miñones Conde, Alcalde e Responsable da Área de Persoal e Reforma Administrativa.
Vogais:
Rosa Ana Prada Queipo, Secretaria do Concello de Ames
Margarita Fernández Sobrino, Interventora do Concello de Ames
Rogelio Pardo Martínez, Xefe do Servizo de Contratación do Concello de Ames
Secretaria:
M. Isabel Quintáns Ríos, Auxiliar administrativa do Departamento de Contratación

Con data 2 de abril de 2018, mediante o Sistema de Notificacións de Galicia (notifica.gal) comunícase electrónicamente á empresa GALICIA EVENTOS Y OCIO S.L., empresa clasificada en primeiro lugar na licitación do Servizo de Vixiancia, Socorrismo e Primeiros Auxilios na Praia Fluvial de Tapia e nas Piscinas de Titularidade Municipal, a clasificación provisional de ofertas do procedemento e requíreselle para que no prazo de dez días habiles achegue a documentación establecida na cláusula 21.2 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares aos efectos de proceder á súa adxudicación definitiva.

A notificación foi recibida pola empresa adxudicataria o 3 de abril de 2018.

O 16 de abril de 2018, mediante instancia presentada no Rexistro Xeral Municipal, nº de rexistro de entrada 000/2750, GALICIA EVENTOS Y OCIO S.L. presentou a seguinte documentación:

- Escritura de constitución da empresa
- Declaración censal (solicitude de alta)
- Documento expedido polo director da oficina de Abanca en Vedra.
- Escrito a nome de David Fernández Neira acerca da experiencia profesional.
- Copia de facturas de traballos efectuados.
- Certificado acreditativo de atoparse ao corrente coa Seguridade Social.
- Certificado acreditativo de atoparse ao corrente coa Xunta de Galicia
- Certificado acreditativo de atoparse ao corrente coa Axencia Tributaria de Galicia.
- Certificado de Seguro de Responsabilidade Civil Profesional e Xeral.
- Aval bancario polo importe de 7.500 €uros.
- Xustificante bancario do ingreso dos gastos de publicidade.

Unha vez comprobada por parte da Mesa de contratación que a documentación requirida á empresa adxudicataria foi presentada en prazo, prcédese e tras examinar e valorar cada un dos documentos aportados, resultando que:

1) O obxeto social da empresa non garda relación co obxecto do contrato.

Segundo a escritura de constitución o obxeto social da empresa é o de conciliación

C.I.F.: P – 1500200 – I

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns 15220 AMES (A Coruña) concellodeames@concellodeames.gal www.concellodeames.gal Telf: 981 883 002 Fax: 981 883 925

familiar, cuidados de maiores e nenos, desenvolvemento e explotación do ocio dos nenos e xestións de eventos e ocio e non garda relación co obxeto do contrato, polo cal non pode adxudicarselle, pois o artigo 57.1 do TRLCSP establece que as persoas xurídicas so poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estén comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que a teor das suas reglas fundacionais, lle sean propios, o cal non sucede neste caso.

2) En canto a solvencia económica e financiera a empresa adxudicataria non achega ningún dos documentos requiridos na cláusula 10.3.1) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, aportando un documento expedido polo director da oficina de Abanca en Vedra na que fai constar que Galicia Eventos y Ocio, SL é cliente habitual e que pode afirmarse que posee suficiente capacidade e solvencia económica para a súa presentación ante o Concello de Ames, o cal non está contemplado nos pregos e non se considera adecuado para acreditar a solvencia económica.

3) Con respecto a Solvencia técnica e profesional non achegan ningunha documentación da solicitada na cláusula 10.3.2) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, considerando que a aportada non se corresponde coa estipulada na cláusula anteriormente refirida.

4) Non se aporta certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais daqueles traballadores que vaian a prestar o servizo, tal e como lle fora requirido, incumplindo tamén este aspecto.

5) Non se aporta acreditación da titulación e da experiencia daqueles traballadores/as asignados a prestación do servizo, incumplindo tamén esta cuestión.

Por todo o exposto, a mesa de contratación considera que o devandito licitador clasificado en primeiro lugar non cumple os requisitos necesarios para adxudicarlle definitivamente a prestación *Servizo de Vixiancia, Socorrismo e Primeiros Auxilios na praia fluvial de Tapia e nas Piscinas descubertas de Titularidade Municipal, e* por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Propoñer ao órgano de contratación, polos motivos e razoamentos anteriormente expostos, a exclusión da empresa GALICIA EVENTOS Y OCIO S.L do procedemento de licitación do *Servizo de Vixiancia, Socorrismo e Primeiros Auxilios na praia fluvial de Tapia e nas Piscinas descubertas de Titularidade Municipal.*

Segundo.- Propoñer que se proceda a devolución do aval bancario presentado pola empresa por un importe de 7.500 €uros, asi como o reintegro do importe de 711,29 €uros en concepto de gastos de publicación de anuncios de licitación, para o cal deberá presentar unha certificación bancaria do número de conta no que se efectuará a devolución dos gastos de publicación.

Terceiro.- A vista da clasificación de ofertas xa realizada con anterioridade, según acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de marzo, trasladar ao órgano de contratación as características esenciais do licitador agora proposto (inicialmente clasificado en segundo lugar) resultando corresponder a **SERVIPLUSTOTAL S.L.**, con CIF B-70019294, o cal formulou a seguinte oferta:

EMPRESA	CIF	OFERTA ECONÓMICA	IVE	IMPORTE TOTAL DA OFERTA
SERVIPLUSTOTAL S.L	B-70019294	150.800,00 €	31.668,00 €	182.468,00 €

Respetaranse os prezos e demais condicións presentadas pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor presidente deu por rematado o acto, sendo as catorce horas e quince minutos do que se expide a presente acta, que en proba de conformidade, asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria das mesa, certifico.

C.I.F.: P – 1500200 – I

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns concellodeames@concellodeames.gal Telf: 981 883 002
15220 AMES (A Coruña) www.concellodeames.gal Fax: 981 883 925